

# **EDUCACIÓN MUSICAL**

**PROGRAMACIÓN CURSO 2020-2021**

**ÁNGEL M. SIEIRA FUNGUEIRIÑO**

**ÍNDICE:**

<b>1 – INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN</b>	<b>2</b>
<b>2 – CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE</b>	<b>3</b>
<b>3 – OBXECTIVOS PARA A ETAPA</b>	<b>6</b>
<b>4 – CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS</b>	<b>9</b>
<b>5 – CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>	<b>34</b>
<b>6 – METODOLOXÍA (presencial e non presencial)</b>	<b>62</b>
<b>7 – MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAN A UTILIZAR</b>	<b>64</b>
<b>8 – MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b>	<b>64</b>
<b>9 – CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO</b>	<b>67</b>
<b>9.1. TIPOS DE AVALIACIÓN A EMPREGAR</b>	<b>67</b>
<b>9.2. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS</b>	<b>68</b>
<b>9.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>68</b>
<b>9.4. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE</b>	<b>70</b>
<b>10 – PLAN DE RECUPERACIÓN</b>	<b>72</b>
<b>11 – ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES</b>	<b>73</b>
<b>12 – CONTRIBUCIÓNS A PLANS E PROXECTOS</b>	<b>74</b>
<b>13 – ENSINANZAS TRANSVERSAIS</b>	<b>76</b>

## **1.-INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.**

O currículo que se vai a traballar é o especificado no Decreto do Currículo de Primaria, o cal aparece no DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta programación vai ser dividida dentro da área de Educación Musical en obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave para o alumnado de Educación Primaria do CEIP A Gándara. Non obstante, debido ás características dos distintos grupos, e dado que esta programación se realiza ao principio do ano académico, esta pode sufrir modificacións ao longo do curso por diversos motivos como poden ser o nivel da clase, a presenza de dificultades imprevistas a priori, a frecuencia de condutas disruptivas na aula, etc.

Esta programación está planificada para levarse a cabo no CEIP A Gándara, situado na Rúa Colmenote s/n, no Concello de Narón, no curso 2020-2021. O centro conta con 437 alumnos/as repartidos en 6 unidades de Educación Infantil (EI) e 12 unidades de Educación Primaria (EP). A maioría dos grupos dos distintos niveis teñen 25 alumnos/as. O colexio dispón dunha aula de música, pero como este curso escolar é atípico faremos a clase na aula do propio alumnado, e tal e como indica a lexislación vixente, o alumnado e o profesorado desinfecta con xel hidroalcohólico as mans ao entrar na aula, leva máscara de protección de forma obrigatoria (sempre que non dispoñan dun informe médico que o desaconselle), e deposita os panos desbotables nunha papeleira con pedal. O alumnado manterá a distancia de seguridade entre sí, así como co mestre que será de 1,5 metros. A aula estará ventilada. E ao rematar cada sesión, as superficies utilizadas da aula (e os obxectos de ser o caso) limpanse con produtos virucidas.

## 2.-CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

A LOMCE destaca como elemento fundamental de tódalas áreas as competencias clave, que son as capacidades para explicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensino e etapa educativa, coa fin de acadar a realización idónea de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

Son un total de sete, que serán traballadas ao longo do curso académico:

1. Comunicación lingüística (CCL).
2. Competencia matemática e competencias clave en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
3. Competencia dixital (CD).
4. Aprender a aprender (CAA).
5. Competencias sociais e cívicas (CSC).
6. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (Ceecie).
7. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Descrición do modelo competencial: Traballar por competencias na aula supón unha reflexión e reconfiguración dos contidos desde un novo enfoque . As competencias non se estudan, nin se ensinan, adéstranse. Para iso xeraremos tarefas de aprendizaxe onde favorezamos no alumnado a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Para facilitar o traballo por competencias, empregaremos os descritores, que serven de ferramenta para que poidamos observar e valorar se un alumno ou alumna é competente nun determinado ámbito.

Respectando o tratamento específico nalgunhas áreas, os **elementos transversais**, tales como, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse desde todas as áreas posibilitando e fomentando que o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado sexa o máis completo posible.

Por outra parte, o desenvolvemento de **valores** presentes tamén en todas as áreas axudará a que os nosos alumnos e alumnas aprendan a desenvolverse desde uns

determinados valores que constrúan unha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir.

A diversidade de alumnos/as cos seus estilos de aprendizaxe diferente levaranos a traballar desde as **diferentes potencialidades** con que contan, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

Na área de Educación Musical, incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

### **Comunicación lingüística**

Esta competencia fai referencia á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de organización de ideas, emocións e condutas. A aprendizaxe musical contribúe ao desenvolvemento desta competencia na maioría das actividades que se realizan na clase xa que os/as alumnos/as teñen que coñecer e utilizar constantemente o vocabulario musical específico. Tamén se traballa coa linguaxe na interpretación vocal das cancións, lectura de partituras e na expresión de ideas, opinións e emocións relacionadas coas distintas manifestacións musicais. As cancións ou sinxelas dramatizacións, son un vehículo propicio para a adquisición de novo vocabulario e desenvolver capacidades relacionadas coa fala, como a respiración, a dicción ou a articulación.

### **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

Esta competencia fai referencia á habilidade para utilizar razoamentos matemáticos. Dentro das actividades musicais contribúen notablemente a desenvolver esta competencia a análise e lectura da partitura xa que o ritmo musical está baseado nas figuras musicais relacionadas entre si por unha proporción matemática cuxa unidade é o pulso. Tamén adquirimos a competencia matemática traballando conceptos básicos como os procesos de ordenación, secuenciación, seriación, estruturación, repetición e alternancia, proporcionalidade e numeración implícitos na maioría das actividades musicais, sexan da orde que sexan (vocal, instrumental, movemento).

### **Competencia dixital**

Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, procesar e comunicar información e aprender a transformala en coñecemento. Para desenvolver esta competencia os/as alumnos/as utilizarán as TIC como ferramenta para mostrar procesos relacionados coa música e achegar a creación de producións artísticas e á análise do son. Tamén se desenvolve a competencia na procura de información sobre manifestacións artísticas.

### **Aprender a aprender**

Aprender a aprender supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de maneira autónoma de acordo cos nosos propios obxectivos e necesidades. As actividades musicais potencian capacidades e destrezas fundamentais para a aprendizaxe como son a atención, a concentración e a memoria. As interpretacións musicais e a gravación das mesmas son especialmente interesantes xa que o alumno necesita desenvolver a capacidade auditiva para asimilar a obra, identificar os seus elementos e coñecela a fondo. As tarefas musicais que imos ver son moi adecuadas para desenvolver esta competencia pola motivación que supón para o alumno traballar na internet, investigar e deixar voar a súa imaxinación.

### **Competencias sociais e cívicas**

Esta competencia fai posible comprender a realidade social na que vivimos. A música contribúe a esta competencia fomentando a participación en actividades relacionadas coa interpretación e a creación colectiva xa que esta require un traballo cooperativo, o cal supón unha oportunidade para adquirir habilidades á hora de relacionarse cos demais. A maioría das actividades musicais prácticas realízanse en equipo: tocar, cantar, danzar, escoitar, opinar, etc. co cal calquera formulación relacionada con estas actividades colaborará a desenvolver esta competencia.

### **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

Esta competencia fai referencia á adquisición da conciencia e dos valores e actitudes que cada un temos. Supón transformar as ideas en accións adquirindo a capacidade de planificar e levar a cabo proxectos. A creatividade esixe actuar con autonomía, poñer en marcha iniciativas, barallar posibilidades e solucións diversas. O proceso non só contribúe á orixinalidade, a procura de formas innovadoras, senón que tamén xera flexibilidade pois ante un mesmo suposto poden darse diferentes respostas.

### **Conciencia e expresións culturais**

Esta competencia fomenta a capacidade de apreciar, comprender e valorar diferentes manifestacións culturais e musicais a través de experiencias perceptivas e expresivas. É evidente que as actividades musicais contribúen a desenvolver esta competencia, aínda que se poderían destacar: a interpretación colectiva, escoita activa e interpretación de obras de diferentes estilos musicais para favorecer a comprensión doutras culturas, e a apreciación e valoración da creatividade musical para expresar ideas.

## **3.- OBXECTIVOS PARA A ETAPA.**

A LOMCE non distingue obxectivos para cada unha das áreas senón que os formula de forma xenérica para toda a etapa educativa. A Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.



- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

#### 4.- CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>BLOQUE 1. ESCOITA</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Calidades do son: timbre, duración, altura e intensidade.</li> <li>▪ B1.2. Identificación de trazos distintivos de sons do contexto natural e social.</li> <li>▪ B1.3. Representación corporal e gráfica de sons de diferentes características.</li> <li>▪ B1.4. Utilización de xogos e aplicacións informáticas educativas sinxelas para a discriminación auditiva. Curiosidade por descubrir os sons do contexto e as súas características.</li> <li>▪ B1.5. Audición de pezas vocais e identificación de voces femininas e masculinas.</li> <li>▪ B1.6. Recoñecemento visual e auditivo, e denominación dalgúns instrumentos musicais da aula e da música escoitada e interpretada no contexto do alumnado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CECC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.2. Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.3. Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva destas calidades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.5. Identifica voces masculinas e femininas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.2.1. Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.7. Audición de pezas vocais e instrumentais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Manter unha actitude de respecto e de escoita activa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.2.2. Respecta as opinións dos seus compañeiros e das súas compañeiras, así como do profesorado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ j	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.8. Audición activa e recoñecemento dunha selección de pezas musicais breves.</li> <li>▪ B1.9. Identificación das principais profesións relacionados coa música e da actividade que se desenvolve nelas (dirección, instrumentista e público).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.3.1. Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónaas coas súas obras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.3.2. Coñece as figuras do/da director/ora de orquestra, instrumentista e público.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
▪ j ▪ e	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.10. Comunicación oral das impresións que causa a música escoitada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Comunicar utilizando un vocabulario adecuado ás sensacións e ás impresións sentidas na audición.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.4.1. Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
▪ j ▪ e	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.11. Elementos da música: tempo e dinámica.</li> <li>▪ B1.12. Distinción e representación corporal ou gráfica dalgúns elementos da música escoitada.</li> <li>▪ B1.13. Forma musical: repetición e contraste. Identificación da repetición (AA) e o contraste (AB) en cancións e obras musicais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade e carácter).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca e negra.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.5.2. Utiliza notación non convencional para representar elementos do son.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.5.3. Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<b>BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL</b>				
▪ j	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Exploración das posibilidades so-</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Coñecer e utilizar as posibilida-</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoita-</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ b	<p>noras da voz, o corpo e os obxectos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Construción de instrumentos musicais sinxelos con obxectos de uso cotián.</li> </ul>	<p>des sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando materiais como fonte de son.</p>	<p>dos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.1.2. Elabora pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Práctica de xogos de relaxación, respiración, dicción e coordinación.</li> <li>▪ B2.4. Interpretación e memorización de ladaíñas e cancións ao unísono.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.2.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.2.2. Realiza pequenas improvisacións melódicas sobre algunha base dada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.2.3. Fai de xeito consciente o proceso da respiración.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.2.4. Le e interpreta con ritmo ladafñas e cancións ao unísono.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CCL</li> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>j</li> <li>b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.5. Imitación de fórmulas rítmicas e melódicas.</li> <li>B2.6. Lectura e interpretación de partituras breves e sinxelas con grafías non convencionais, e de esquemas rítmicos e melódicos elementais con notación tradicional.</li> <li>B2.7. Iniciación á notación musical e ás grafías non convencionais como medio</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.3. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.3.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CMCCT</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>de representación da música: pentagrama, clave de sol, colocación das notas no pentagrama, figuras brancas, negras e silencio de negra.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.8. Utilización da percusión corporal e dos instrumentos de pequena percusión como recursos para o acompañamento de textos, cancións e danzas.</li> <li>▪ B2.9. Selección e combinación de obstinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais.</li> <li>▪ B2.10. Selección de sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes.</li> </ul>			
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.3.2. Xoga a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. ESCOITA				

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. As calidades do son: timbre, duración, altura e intensidade.</li> <li>▪ B1.2. Identificación de trazos distintivos de sons do contexto natural e social.</li> <li>▪ B1.3. Representación corporal e gráfica de sons de diferentes características.</li> <li>▪ B1.4. Utilización de xogos e aplicacións informáticas educativas sinxelas para a discriminación auditiva.</li> <li>▪ Curiosidade por descubrir os sons do contexto e as súas características.</li> <li>▪ B1.5. Audición de pezas vocais e identificación de voces femininas, masculinas e infantís.</li> <li>▪ B1.6. Recoñecemento visual e auditivo, e denominación dalgúns instrumentos musicais da aula e da música escoitada e interpretada no contexto do alumnado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.2. Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.3. Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva das calidades traballadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.5. Identifica voces masculinas, femininas e infantís.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.7. Audición de pezas vocais e instrumentais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Manter unha actitude de respecto e de escoita activa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.2.1. Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ d</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.8. Audición activa e recoñecemento dunha selección de pezas musicais breves, de culturas e de estilos diferentes.</li> <li>▪ B1.9. Audición activa dalgunha peza do repertorio tradicional galego.</li> <li>▪ B1.10. Identificación das principais profesións relacionados coa música e da actividade que desenvolven (composición, dirección, instrumentista e público).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.3.1. Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónaas coas súas obras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.3.2. Coñece as figuras de compositor/ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público, así como as súas funcións, respectando e valorando os seus respectivos traballos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.11. Comunicación oral das impresións que causa a música escoitada.</li> <li>▪ B1.12. Normas básicas de comportamento en concertos e outras representacións musicais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Comunicar as sensacións e as impresións sentidas na audición, utilizando un vocabulario adecuado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.4.1. Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.4.3. Coñece e respecta as normas de comportamento básicas en concertos e outras representacións musicais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.13. Elementos da música: tempo (adagio, andante e allegro), dinámica e carácter.</li> <li>▪ B1.14. Distinción e representación corporal ou gráfica dalgúns elementos da música escoitada.</li> <li>▪ B1.15. Forma musical: repetición e contraste.</li> <li>▪ B1.16. Identificación da repetición (AA)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade ou carácter).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de corcheas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.5.2. Utiliza notación non convencional para representar elementos do son.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>



ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> <li>e o contraste (AB) en cancións e obras musicais.</li> <li>B1.17. Pulso e acento. Compás binario.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB1.5.3. Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> <li>CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>j</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.18. As familias de instrumentos: vento, corda e percusión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.6. Recoñecer e clasificar algún instrumento por familias instrumentais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB1.6.1. Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>
<b>BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>j</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Exploración das posibilidades sonoras da voz, o corpo e os obxectos.</li> <li>B2.2. Construción de instrumentos musicais sinxelos con obxectos de uso cotián.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando distintos materiais como fonte de son.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados.</li> <li>EMB2.1.2. Crea pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CCEC</li> <li>CSC</li> <li>CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>j</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.3. Iniciación á fruta doce. O xilófono e o metalófono.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.2. Coñecer e manexar a fruta doce e algún instrumento de aula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.2.1. Consegue tocar algún fragmento melódico ou rítmico, ou acompañamento sinxelo, coa fruta e dos instrumentos da aula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>j</li> <li>k</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.4. Práctica de xogos de relaxación, respiración, dicción e coordinación.</li> <li>B2.5. Imitación de fórmulas melódicas.</li> <li>B2.6. Interpretación e memorización de ladaíñas e cancións ao unísono.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.3. Exercitar as vocalizacións e as pronunciacións interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.3.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.</li> <li>EMB2.3.2. Realiza pequenas improvisacións melódicas sobre algunha base dada.</li> <li>EMB2.3.3. Fai de xeito consciente o proceso da respiración.</li> <li>EM2.3.4. Le e interpreta con ritmo ladaíñas e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CSC</li> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> <li>CAA</li> <li>CCEC</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			cancións ao unísono.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.7. Imitación de fórmulas rítmicas.</li> <li>▪ B2.8. Lectura e interpretación de partituras sinxelas con grafías non convencionais e de esquemas rítmicos e melódicos elementais con notación tradicional</li> <li>▪ B2.9. Notación musical e grafías non convencionais como medio de representación da música. Colocación dalgunha nota no pentagrama.</li> <li>▪ B2.10. Utilización da percusión corporal e os instrumentos como recursos para o acompañamento de textos, cancións e danzas.</li> <li>▪ B2.11. Selección e combinación de ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais.</li> <li>▪ B2.12. Selección de sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes.</li> <li>▪ B2.13. Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos mediante o procedemento de pregunta-resposta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.4.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.4.2. Identifica a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.4.3. Le e crea pequenos esquemas rítmico-melódicos con brancas, negras e silencio de negra, engadindo a clave de sol.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.4.4. Elix e combina ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.4.5. Elix e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>BLOQUE 3. A MÚSICA O MOVEMENTO E A DANZA</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Práctica de técnicas básicas do movemento: mobilización funcional, movementos fundamentais de locomoción e deseños no espazo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Realizar pequenas coreografías.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB3.1.2. Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Práctica de xogos motores acompañados de secuencias sonoras, cancións e pezas musicais, e interpretación de danzas sinxelas.</li> <li>▪ B3.3. Práctica dalgunha danza tradicional galega.</li> <li>▪ B3.4. Improvisación de movementos en resposta a diferentes estímulos sonoros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresións do corpo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB3.2.1. Responde co seu corpo a estímulos sonoros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB3.2.2. Coordina extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB3.2.3. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. ESCOITA				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ d</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de diferentes estilos e culturas, adaptadas á idade do alumnado.</li> <li>▪ B1.2. Asistencia a algunha representación musical.</li> <li>▪ B1.3. Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras.</li> <li>▪ B1.4. Audición de obras musicais de distintas características e procedencias.</li> <li>▪ B1.5. Actitude atenta e silenciosa, e respecto polas normas de comportamento durante a audición de música e na asistencia a representacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.1. Expressa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.</li> <li>▪ EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.</li> <li>▪ EMB1.1.3. Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.</li> <li>▪ EMB1.1.4. Identifica manifestacións artísticas propias de Galicia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre.</li> <li>▪ B1.7. Acento e pulso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.8. Elementos musicais. Tempo e matices: forte, piano e mezzoforte.</li> <li>▪ B1.9. Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así coma das posibles agrupacións vocais e instrumentais (solista, dúo, trío e coro).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.3.1. Distingue tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.</li> <li>▪ EMB1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.10. Compases binarios e ternarios.</li> </ul>			
j	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.11. Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical. Formas musicais binarias e ternarias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.4. Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB1.4.1. Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> </ul>
EM-B3.2	5º-EMB3.2.3 - Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.	Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.		X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CCEC CSC
EM-B3.3	5º-EMB3.3.1 - Planifica a coreografía de acordo coa estrutura musical dada.	Planifica a coreografía.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	Ceesie CAA CMCT
EM-B3.3	5º-EMB3.3.2 - Colabora co grupo en coordinación e con respecto cara ás demais persoas.	Colabora co grupo en coordinación e respéctao.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CSC
EM-B3.3	5º-EMB3.3.3 - Expón as valoracións e as informacións recollidas ao longo do proceso de creación.	Expón as valoracións e as informacións recollidas ao longo do proceso de creación.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CCL
EM-B3.3	5º-EMB3.3.4 - Amosa interese por mellorar o produto final, e fai unha avaliación crítica do resultado.	Amosa interese por mellorar o produto final.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CAA

## TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO

<b>CURSO</b>	6º					
<b>NIVEL</b>	PRIMARIA			<b>ÁREA</b>	Educación Musical (EM)	

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación	
<b>Bloque 1: escoita</b>							
EM-B1.1	6º-EMB1.1.1 - Identifica, clasifica e describe as	Descobre e recoñece as calidades dos sons da contorna próxima,	X	X	X	XPROCEDEMENTOS: Observación sistemática.	CCEC CCL

	calidades dos sons do contexto natural e social, utilizando un vocabulario preciso	utilizando vocabulario axeitado.				INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CAA
EM-B1.2	6º-EMB1.2.1 - Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais, con capacidade para emitir unha valoración destas.	Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais.		X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CCEC CAA CCL
EM-B1.2	6º-EMB1.2.2 - Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízalas como marco de referencia para as creacións propias.	Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	Ceesie CAA CCEC
EM-B1.3	6º-EMB1.3.1 - Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.	Coñece e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CSC CCEC
EM-B1.3	6º-EMB1.3.2 - Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual canto á reprodución e a copia de obras musicais.	Respecta as normas da propiedade intelectual canto á reprodución e a copia de obras musicais.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CSC CCEC
EM-B2.1	6º-EMB2.1.1 - Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas, e recreaas.	Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas.		X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CCEC CAA CCL
<b>Bloque 2: Interpretación musical</b>							
EM-B2.2	6º-EMB2.2.1 - Recoñece e clasifica instrumentos	Recoñece instrumentos, diferentes rexistros da voz, e agrupacións	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.	CCEC CAA

	acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz, e agrupacións vocais e instrumentais.	vocais e instrumentais.				INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	
EM-B2.2	6º-EMB2.2.2 - Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.	Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións musicais.	CCEC
EM-B2.2	6º-EMB2.2.3 - Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.	Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.		X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CCEC
EM-B2.2	6º-EMB2.2.4 - Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos, con e sen acompañamento.	Interpreta sinxelas pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións musicais.	CAA CCEC
EM-B2.2	6º-EMB2.2.5 - Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos, e valora a súa achega ao enriquecemento persoal, social e cultural.	Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións musicais.	CAA CCEC
EM-B2.2	6º-EMB2.2.6 - Amosa respecto polo traballo das demais persoas e responsabilidade no traballo individual e colectivo.	Amosa respecto polo traballo das demais persoas e responsabilidade no traballo individual e colectivo.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CSC
EM-B2.2	6º-EMB2.2.7 - Analiza as interpretacións feitas, recoñece erros e amosa interese por traballar para corrixilos.	Recoñece erros e amosa interese por traballar para corrixilos.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CAA
EM-B2.3	6º-EMB2.3.1 - Procura	Procura información en medios de	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.	CCEC

	información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais.	comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais.				INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CAA CD
EM-B2.3	6º-EMB2.3.2 - Presenta e expón a información de xeito claro, ordenado e limpo en varios soportes.	Presenta e expón a información de xeito claro, ordenado e limpo.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CAA CD CCL
EM-B2.3	6º-EMB2.3.3 - Utiliza os medios audiovisuais e recursos informáticos para crear pezas musicais e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.	6º-EMB2.3.3 - Utiliza os medios audiovisuais e recursos informáticos para crear pezas musicais.		X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CD CCEC
<b>Bloque 3: A música o movemento e a danza</b>							
EM-B3.1	6º-EMB3.1.1 - Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.	Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.		X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións motrices.	CAA CCEC
EM-B3.1	6º-EMB3.1.2 - Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.	Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCEC
EM-B3.1	6º-EMB3.1.3 - Coñece danzas de distintas épocas e lugares, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.	Coñece danzas de distintas épocas e valora a súa achega ao patrimonio artístico.		X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CCEC
EM-B3.1	6º-EMB3.1.4 - Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais	Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais españolas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.	CSC CCEC

	españolas, e entende a importancia da súa continuidade e o traslado ás xeracións futuras.					INSTRUMENTOS: Producións motrices.	
EM-B3.1	6º-EMB3.1.5 - Inventa coreografías de grupo que corresponden coa forma interna dunha obra musical e supón unha orde espacial e temporal.	Inventa coreografías.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CAA CCEC
EM-B3.1	6º-EMB3.1.6 - Analiza as danzas realizadas, recoñece os erros e amosa interese por mellorar o produto.	Recoñece os erros e amosa interese por mellorar o produto.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CAA
EM-B3.1	6º-EMB3.1.7 - Respecta o traballo en grupo e participa nel de xeito pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas.	Respecta o traballo en grupo e participa nel de xeito pracenteiro.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CAA CSC
EM-B3.1	6º-EMB3.1.8 - Amosa respecto polas demais persoas e colaboración con elas.	Amosa respecto polas demais persoas e colaboración con elas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CSC

## **6.- METODOLOXÍA (presencial e non presencial).**

### **Actividade lectiva presencial.**

A música está presente nas nosas vidas e forma parte do desenvolvemento artístico do alumnado de primaria. O propósito principal será o de favorecer a percepción e expresión musical, mediante actividades de escoita, de interpretación e de creación musical.

As sesións serán o máis participativas posible de forma de que o alumnado poida continuar a súa aprendizaxe da forma máis dinámica posible. Darase gran importancia á experimentación e tentarase despertar o interese pola música en xeral, en especial polo canto, a interpretación instrumental, o coñecemento do patrimonio musical e a danza.

Exporanse diferentes tipos de actividades, o máis variadas posible, para permitir que todo o alumnado poida gozar e avanzar no seu desenrolo persoal a través da música. E nas actividades de percepción, realizaranse audicións de pezas musicais de diversas culturas e épocas, escoitaranse instrumentos musicais presentes na aula e fóra dela a través de soportes dixitais.

A interpretación e a expresión musical basearanse na exploración das posibilidades sonoras da voz, o corpo, obxectos, e algúns instrumentos. A partir de segundo de primaria o alumnado interpretará pezas de progresiva dificultade coa frauta doce.

Realizaranse tamén actividades relacionadas co movemento e a danza, memorizando secuencias de movementos e preparando coreografías para pezas breves.

Finalmente, introducirase progresivamente a notación musical como medio de representación da música, utilizando en principio grafías non convencionais e así avanzar no seu coñecemento

A metodoloxía da actividade presencial tentará ser o máis normalizada e inclusiva posible, tendo en conta todas as indicacións que as autoridades educativas e sanitarias indican ante a situación actual causada polo COVID-19. Neste curso recóllense uns principios metodolóxicos que serven para dar coherencia á nosa labor e son estes: -Adaptar a axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado. -Partir do nivel de desenrolo dos nosos alumnos, tanto a nivel cognoscitivo como de experiencias previas. -Favorece-la construción de aprendizaxes significativos. Entendemos por significativos aqueles que permiten a conexión de diversos contidos e que, ademais, se caracterizan pola súa funcionalidade. -Desenrolar a capacidade de aprender a aprender, o que lograremos

potenciando o aprendizaxe intuitivo, etc. -Promover una intensa actividade, tanto física como mental. A actividade mental, potenciámola a través de procesos como a lecto-escritura ou o análise, mentres que a actividade física, se traballa mediante o canto, a práctica instrumental e o movemento.

Os Principios de Intervención Educativa, aseguran a coherencia metodolóxica do tratamento de calquera área ou materia. En canto á metodoloxía específica a área de música ten sempre un compoñente **activo, participativo, globalizador e lúdico**. A aprendizaxe e a incorporación de habilidades musicais, teñen lugar a través da práctica, tanto en actividades individuais como en grupais. Esta metodoloxía activa e participativa, está baseada en diversas pedagogías que serán empregadas no desenvolvemento das sesións. A continuación, cítanse brevemente as características principais de cada unha delas.

Jacques Dalcroze (1860-1950) elaborou un método baseado no solfexo a nivel melódico, a rítmica e a improvisación. É o creador da chamada “euritmia” ou “rítmica Dalcroze”, que propón o corpo como medio de investigación e experimentación. Zoltan Kodaly (1882-1967) elabora un método baseado no folclore húngaro, empregando un sistema de transposición (o “do móbil”); a fononimia, relacionando xestos manuais coas distintas notas musicais, o solfexo silábico e as sílabas rítmicas. Edgar Willems (1890-1978) centra a aprendizaxe nos elementos fundamentais da música (ritmo, melodía e harmonía), relacionándoos coa natureza do ser humano (aspecto fisiolóxico, afectivo e mental, respectivamente). O alemán Carl Orff (1895-1982) ten un método fundamentado na prosodia rítmica, a formación instrumental (a “orquestra Orff”), o movemento e a improvisación. Maurice Martenot (1898-1980), considera fundamental a exposición do xogo nas diferentes actividades resaltando ademais a importancia da audición.

Tamén destacan na pedagogía actual, Jos Wuytack (Bélxica 1935), deseñou o musicograma, como elemento integrador das artes visuais e a música, facilitando a comprensión das formas musicais. Polo Vallejo, compositor e etnomusicólogo, propón unha aproximación á cultura africana (Tanzania...), a través da música. Fernando Palacios, acerca a música aos nenos a través de concertos didácticos con relatos musicados (Peer Gynt, La mota de polvo...). Verena Maschat fai a súa achega á educación musical a partir da danza (tradicionalis ou coreografías creadas). Keith Terry



emprega o corpo como instrumento e fomenta a comunicación intercultural a través da música e o movemento. Leonardo Riveiro é profesor de formación rítmica e danza na Escola Universitaria de Profesorado (Segovia). Aínda que fai achegas a diversos aspectos da educación musical, quizais o máis salientable é a que fixo no campo de construción de instrumentos (Artiluxios e instrumentos, xunto con Fernando Palacios e Laura Terré).

### **Actividade lectiva non presencial.**

Manterase o contacto co alumnado a través da aula virtual en (3º,4º e 6º), coa plataforma EVA EDIXGAL no caso do alumnado de 5º curso e no blog de música do colexio en (1º e 2º), correo electrónico e videoconferencias a través da plataforma Cisco Webex. O seguimento realizarase propoñendo e corrixindo as actividades do alumnado nas distintas plataformas que poderán ser imaxes das actividades que realiza o alumnado das fichas, actividades na propia aula virtual, vídeos tocando a fruta ou facendo un baile, actividades interactivas, xogos, na páxina web aprendomusica.com temos moitísimos exercicios e moi variados. Si algún alumnado ten dificultades ou carece de conexión a internet, poñereime en contacto coa correspondente titora e o Departamento de Orientación para concretar o medio de poder facerlle chegar esas actividades para poder seguir co ritmo da clase.

## **7.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAN A UTILIZAR .**

Son os medios dos cales nos valem para realiza-las actividades. Deben ser variados, motivadores, atractivos e estimulantes; necesitaremos: encerado, recursos fotocopiados con actividades para traballar a tarefa (xa que non contan con libro de texto), actividades de reforzo e ampliación, lapis, cores, Cds e aparatos reprodutores, teclado, instrumentos de percusión (PAD e PAI), a fruta doce, ordenador, láminas, xogos musicais, materiais audiovisuais, gravadora, pelotas, aros, globos...

Todos os materiais e instrumentos unha vez usados, serán desinfectados, limpados, gardados e postos en corentena antes do seu novo uso, debido á situación do COVID-19 que estamos a sufrir.

## **8.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

"...Un alumno ten necesidades educativas especiais cando presenta dificultades maiores que o resto dos seus compañeiros para acceder ós aprendizaxes que se determinan no currículo que lle corresponde pola súa idade (ben por causas internas, por dificultades ou

carencias no entorno sociofamiliar ou por unha historia de aprendizaxes desaxustada) e precisa, para compensar ditas dificultades, adaptacións de acceso e/ou adaptacións curriculares significativas en varias áreas dese currículo". (Adaptacións curriculares. MEC, Materiais para a Reforma. Educación Primaria).

Causas e papel da música: As necesidades educativas especiais poden estar causadas por condicionantes físicos, psíquicos e/ou sociais.

Comezando polas CAUSAS FÍSICAS orais, tales como alteracións da voz (afonías, disfonías), da articulación (dislalias, diglosias, disartias), da fluidez verbal, e alteracións da linguaxe (mutismo, retrasos, afasias), a achega de música en todos estes casos é a seguinte: En primeiro lugar, o/a especialista en música debe coñecer o informe personalizado do alumnado que presente calquera destes problemas, realizado por logopedas, foniatras ou psicólogos, en cada caso. Gracias ó mesmo, "... se detectan os trastornos, lévase a cabo unha avaliación inicial das condutas e danse recomendacións para a intervención" (MILLER, 1986).

Pola nosa parte, poderemos: -Analizar e determinar as cualidades da voz. -Avaliar funcionalmente: existencia ou non de esforzo larínxeo, respiración (tipo, calidade e capacidade) e colocación (resonancia). -Avaliar e intentar mellorar a articulación mediante trabalinguas... -Intervir nas condutas orais: usando e ensinando a usar a voz, conseguindo un nivel mínimo de ruídos e non cortando os ambientes ruidosos berrando. -Enriquecer o vocabulario básico mediante cancións. -No caso de tartamudez: interpretación en grupo de cancións, precisión rítmica (si é necesario con metrónomo), exercicios de relaxación e consecución dun ambiente de clase distendido e respectuoso. -Nos casos de mutismo: actividades auditivas (atención, discriminación), memorización e recoñecemento de sons, actividades de respiración e imitación de sons.

Seguindo coas **CAUSAS FÍSICAS sensoriais**, tales como deficiencias visuais, na música podemos levar a cabo as seguintes actividades: -Fomentar o uso da visión en todos os casos (aunque sexa reducida, a visión é unha información sensorial que non debe desbotarse). -Explicar verbalmente a tarefa musical que imos levar a cabo. -Ter en conta as necesidades de iluminación de maneira individualizada: debe ser luz difusa e potente, dirixida á tarefa (papel pautado, instrumento, etc.) provinte de arriba e atrás para evitar cegamentos. -Utilizar ampliacións manuscritas, cando teñamos que entregar calquera

peza musical en pentagrama. -Usar métodos musicais especialmente dirixidos ao alumnado con este tipo de deficiencias, como o proposto por María Montessori. - Potenciala realización de actividades auditivas (discriminación tímbrica, xogos sonoros).

Continuando coas **CAUSAS FÍSICAS auditivas**, dende a nosa especialidade, a música, podemos levar a cabo as seguintes actividades: -O/A alumno/a sempre deberá estar fronte ó mestre, xa que, independentemente do grado de xordeira, a información visual ten unha enorme importancia para el; tamén deberá estar situado en primeira fila. En determinadas ocasións (actividades de rítmica corporal, práctica instrumental ou movemento) deberá estar orientado cara os seus compañeiros. A fonte de luz, a ser posible, deberá estar situada á súa costas, o que favorece a labio-lectura. -Deberemos evitárrellos ruídos constantes e molestos que provocan o efecto de enmascaramento sonoro; neste caso cobra unha especial importancia que os/as demais alumnos/as entendan o valor do silencio. -Sempre que sexa posible, deberá utilizar algún aparato ou medio amplificador. -É mellor falar a modo e claro que berrando ou con movementos esaxerados da boca; convén, así mesmo, utilizala comunicación total (xestos naturais, expresión facial, escritura, etc). - A actividade proporciona a máxima participación do deficiente auditivo, polo que os contidos da nosa especialidade van a ser sumamente útiles e atractivos para el mesmo.

Seguindo coas **CAUSAS FÍSICAS de tipo motórico**, como a Espiña Bífida e as parálises cerebrais, educación musical, a partir do diagnóstico do especialista, permitirá o traballo de: -A audición (diferenciación de timbres, localización espacial de sons, etc). -A respiración (realización de exercicios para coordinalos movementos do tórax e o diafragma; coordinación da respiración, o movemento larínxeo e a articulación, etc.). -A relaxación (segmentaria e total).

A continuación falaremos das **CAUSAS PSÍQUICAS**, tales como a deficiencia mental, Síndrome de Down e o Autismo: En tódolos casos, a música vai a ser útil para o traballo dos problemas de motricidade, coordinación e equilibrio; vai permitir reforzala sensorialidade auditiva e tamén ocular (práctica instrumental); favorece todo aquilo que está relacionado coa linguaxe (respiración, emisión, articulación) a través da expresión vocal; potencia a memoria e a concentración; favorece o autocontrol (cantar e tocar no

momento debido, seguindo as indicacións do mestre) e a autoestima ó superalas pequenas dificultades que a música lles plantexa

E por último tendo en conta as **CAUSAS SOCIAIS**, como a privación social, dende a nosa especialidade, o traballo deberá ir dirixido ó desenvolvemento de todos aqueles procesos e factores que interveñen no aprendizaxe (desenvolvemento perceptivo, atención, memoria e razoamento), mediante a práctica do canto, a práctica instrumental, etc. - mellora do ámbito afectivo social, para o que a música é un excelente aliado.

De todo o dito ata aquí se desprende a necesidade de dar unha resposta diferenciada ó alumnado co que imos traballar, en función das súas características psicoevolutivas, físicas e sociais; será preciso, polo tanto, realizar adaptacións curriculares específicas para cada caso, baseadas na información que nos sexa subministrada polo Departamento de Orientación.

## **9.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO.**

### **9.1.- TIPOS DE AVALIACIÓN A EMPREGAR.**

**Avaliación inicial:** Empregaremos actividades para avaliar os coñecementos previos do alumnado co obxecto de adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe á realidade das súas posibilidades. Para realizar esta avaliación utilizarase tanto material elaborado como aqueles que nos veñen facilitado polas diversas editoriais. A comezos do curso realizarase a avaliación inicial co fin de establecer o nivel dos/das alumnos/as. Unha vez realizada a avaliación inicial teremos en conta os/as alumnos/as que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. Os/as alumnos/as con necesidades educativas, con altas capacidades, e outros con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar....

Medidas organizativas a adoptar: planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual.

**Avaliación formativa continua:** A través do traballo diario da aula, fichas, rúbricas, exames e diferentes tipos de probas que se poidan ir realizando ao longo do curso escolar. Terase en conta o progreso.

**Avaliación sumativa:** Ao finalizar o curso valorarase globalmente os resultados segundo o traballo realizado ao longo dos diferentes trimestres.

## **9.2.- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS.**

Os procedementos e instrumentos que utilizaremos para levar a cabo a avaliación son:

- A observación directa do traballo e participación do alumnado na aula.
- Fichas (presentación, limpeza, hábito de traballo).
- Realización de probas específicas (escritas ou orais).
- Rúbricas nas que se gradúan os estándares en 4 niveis, dende o máis básico ata o nivel superior de consecución do estándar.
- Listas de cotexo (si/non).

De resultar desfavorable esta avaliación, adoptaranse as medidas ordinarias ou extraordinarias máis axeitadas. Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de Insuficiente (IN) para as cualificacións negativas e Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NT) ou Sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4. Suficiente: 5. Ben: 6. Notable: 7 ou 8. Sobresaliente: 9 ou 10.

## **9.3.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.**

Para obter a cualificación de cada trimestre, terase en conta o seguinte:

### **CURSOS 1º – 2º**

- ➔ Avaliación dos estándares de aprendizaxe, directamente relacionados cos obxectivos, contidos e criterios de avaliación 50%
- ➔ Observación do esforzo, atención, interese, cumprimento das normas 20%
- ➔ Traballo diario de clase: fichas, limpeza, orde 20%

- Práctica instrumental 10%

### **CURSOS 3º – 4º**

- Avaliación dos estándares de aprendizaxe, directamente relacionados cos obxectivos, contidos e criterios de avaliación 50%
- Realización de probas escritas 30%
- Observación do esforzo, traballo diario, atención, interese, cumprimento das normas 10%
- Práctica instrumental 10%

### **CURSOS 5º – 6º**

- Avaliación dos estándares de aprendizaxe, directamente relacionados cos obxectivos, contidos e criterios de avaliación 50%
- Realización de probas escritas 30%
- Observación do esforzo, traballo diario, atención, interese, cumprimento das normas 10%
- Práctica instrumental 10%

No caso de que nalgún momento deste curso se produza un confinamento ou haxa que poñer unha ou varias aulas do centro en coretena, procederase a traballar a distancia, dependendo do momento que se produza, determinará a maneira de avaliar, porque si se produce a finais de curso non é o mesmo que se pasa ao principio. Ao longo do curso recompíllase moita información sobre o traballo, actitude e comportamento, polo que se o ensino telemático se produce avanzado o curso, poderase manter a valoración deses estándares que se fixeron durante o ensino presencial. Como a maioría dos estándares son traballados nos tres trimestres, si o confinamento se produce pasado medio curso, teríamos datos suficientes para poder avaliar. Ademais moitos dos estándares do bloque 1: escoita, do bloque 2: interpretación musical e do bloque 3: a música o movemento e a danza, se poderían realizar dende a casa (tocando a fruta, percusión corporal, bailes) facendo unha gravación e despois colgándoa no blog de música do cole, na aula virtual ou no EVA EDIXGAL.

Ademais si o alumnado se mantivera en contacto co mestre enviándolle os traballos ou actividades solicitadas (poñerose un prazo de entrega de actividades), a cualificación podería incrementarse en 1 punto respecto á última nota do curso presencial.

Se a actividade presencial se suspende ao principio do curso (no primeiro trimestre, nun momento no que o mestre non teña rexistro de moitos dos estándares), tratarase de avaliar os mesmos a través da entrega de actividades que se indicarán no seu momento.

#### 9.4.- AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DE PRÁCTICA DOCENTE.

Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente	Escala			
(Indicadores de logro)				
Proceso de ensino:	1	2	3	4
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse a motivación do alumnado?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- A temporalización das unidades didácticas foi adecuada?				
6.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				

7.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
8.- Tomouse algunha medida curricular para atender ao alumnado con NEAE?				
9.- Tomouse algunha medida organizativa para atender ao alumnado con NEAE?				
10.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
11.- Os instrumentos de avaliación foron variados, suficientes e axeitados?				
12.-Valorouse adecuadamente o traballo cooperativo do alumnado dentro do grupo?				

Práctica docente	1	2	3	4
1.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
2.-Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
3.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas?				
4.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				



6.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe				
7.- Préstase atención aos temas transversais?				
8.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
9.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
10.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				
11.- Os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe dannos unha información obxectiva para seguir mellorando a nosa práctica educativa				
12.- Os recursos utilizados son axeitados para traballar os contidos propostos				

## 10.- PLAN DE RECUPERACIÓN.

O curso pasado remataron as clases presenciais en marzo, RD 436/2020 da declaración do estado de alarma, e volvendo a retomarse a actividade nas aulas en setembro. Pasou moito tempo, así que debemos de retomar ou recuperar os contidos que quedaron por ver no curso pasado.

Agás o alumnado de 1º de Educación Primaria, que ven de rematar a Educación Infantil, e polo tanto continuaremos con cancións, contos musicados, xogos, percusión corporal, discriminación de sons para logo ir pouco a pouco introducíndonos na linguaxe musical e pequenas danzas, bailes e instrumentos de pequena percusión, o resto de alumnado de primaria e tendo en conta que nos grupos A e B dos distintos niveis educativos todos/as

os/as nenos/as superaron a materia no curso pasado e que tanto os contidos como os estándares de aprendizaxe para a terceira avaliación foron en maior ou en menor medida traballados na aula ou foron repasados no confinamento dende a casa a través das actividades propostas, as primeiras semanas do curso repasaranse ditos contidos e cando os volvamos a ter que traballar tamén se reforzarán e no seu caso se ampliarán. A maioría dos contidos trabállanse de forma progresiva ao longo de todo o curso volvéndose a repetir e ampliar en cada un dos cursos seguintes.

Neste inicio de curso prestaráselle especial atención á situación emocional do alumnado, para tratar de que o comezo deste curso tan atípico e diferente sexa o máis lúdico posible.

## 11.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Definición: son as actividades de carácter didáctico realizadas co alumnado, que formando parte da programación, coa coordinación de Dirección, ou profesorado en que delegue, e co profesorado integrante da mesma, teñen o seu carácter diferenciado polo momento, espacio ou recursos que utilicen.

Aparte desas, forman parte do Plan de Actividades Complementarias con carácter permanente as conmemoracións e celebracións establecidas no Calendario Escolar pola Consellería de Educación e as aprobadas polo claustro.

Conmemoracións segundo Orde do Calendario do 25 de xuño de 2020:

Actividade	Data
Día Universal da Infancia	20/11
Día Internacional contra a Violencia de Xénero	25/11
Conmemoración da Constitución e do Estatuto de Galicia	30/11 ao 7/12
Día Internacional das Persoas con Discapacidade	3/12
Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos	10/12
Día Internacional da Educación	24/01
Día Escolar da non Violencia e da Paz	30/01

Día Internacional da Muller	8/03
Día Mundial dos Dereitos do Consumidor	15/03
Semana da Prensa	8-12/03
Día Mundial da Saúde	7/04
Semana do libro	19-23/04
Día Internacional contra o Acoso Escolar	2/05
Día de Europa	9/05
Semana das Letras Galegas	10-14/05
Día Mundial do Medioambiente	5/06

Este curso escolar tódalas actividades de obriga conmemoración traballaranse na aula pero non serán de forma conxunta a nivel de centro.

## **12.- .CONTRIBUCIÓN A PLANS E PROXECTOS.**

### **PLAN LECTOR**

Neste sentido xoga un papel moi importante o uso da biblioteca do centro, da aula e o establecemento de plans de lectura coordinados para todos os cursos e áreas. O principal propósito do plan de lectura é formar lectores competentes, que adquiren as capacidades necesarias que lles permita seguir aprendendo ao longo da vida. A lectura debe servir para gozar, aprender e informarse, polo que levarán a cabo unha serie de estratexias comúns que se poden aplicar nas distintas áreas e niveis.

Na clase de música fomentárase a lectura a partir das seguintes actividades:

- x Lectura e análise de textos poéticos e de cancións.
- x Lectura de textos informativos.
- x Recitación de textos poéticos.
- x Lectura de textos en diferentes formatos.

- x Lectura de biografías de músicos.
- x Integramos toda a fontes de información que se poidan no tratamento dos contidos curriculares.
- x Potenciaremos actitudes favorables cara a lectura
- x Celebración do día do Libro.
- x Participar en todas as actividades da Biblioteca Escolar.
- x Lectura musical.

### **PLAN DE CONVIVENCIA**

- x Promover e desenrolar actuacións relativas ao fomento na convivencia do centro no que estean integrados todos os membros da comunidade educativa.
- x Atención individualizada ( e no seu caso derivación a outras entidades ) dos/as alumnos/as que presentan continuas alteracións de comportamento.
- x Dar resposta inmediata no caso de que houbera casos de intimidación e acoso entre iguais.
- x Fomentar o respecto entre os/as alumnos/as da aula e cos demais.
- x Coidar o aseo e a hixiene.
- x Fomentar o respecto a todos os membros da comunidade educativa.
- x Os/as alumnos/as coidaran e respectarán as instalacións do centro.

### **PROXECTO TICS**

- x Realización de traballos que impliquen a utilización das TICS.
- x Utilización de diferentes webs con xogos musicais como por exemplo [www.aprendemusica.com](http://www.aprendemusica.com)
- x Uso da PDI.
- x Introducción ao manexo do rato
- x Formación do mestre.
- x Fomentar a páxina web do centro, a aula virtual ou a plataforma EVA EDIXGAL

- x Establecer estratexias para obter información mediante o uso das TICS.
- x Utilización do ordenador ou do CD audio para a escoita das audicións e cancións.

### **ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

- x Darlle máis tempo para rematar os traballos .
- x Adaptar as materias ao seu nivel.
- x Cambiar os bloques de contidos cando sexa necesario.
- x Integralos como un máis na aula.
- x Aportar actividades de reforzo e PLANS INDIVIDUAIS dirixidos a alumnos/as que o requiren (estranxeiros, incorporación tardía, necesidades educativas especiais e superdotación), con FICHAS DE REFORZO E/OU AMPLIACIÓN.
- x COMPETENCIAS e INTELIXENCIAS MÚLTIPLES: Contemplan a diversidade de estilos cognitivos e de intelixencias en aprendizaxes coa lectura, co movemento, coa representación plástica, coa dramatización...
- x Sentalos na primeira fila.
- x Contar co/a profesor/a de P.T se fose necesario.
- x Axudalo se fora preciso a rematar a tarefa.
- x Solicitar axuda o Departamento de Orientación.

### **13.- ENSINANZAS TRANSVERSAIS.**

Segundo o artigo 11 do Decreto 105 do 9 de setembro de 2014, son:

- Comprensión lectora.
- Expresión oral e escrita.
- Comunicación audiovisual.
- As tecnoloxías da información e a comunicación.
- O emprendemento.

## ➤ A educación cívica e constitucional.

Elemento transversal	Actividade ou accións na aula
Comprensión lectora.	Trabállase a través da lectura de letras de cancións, así como de historias artísticas adaptadas ao alumnado sobre temáticas distintas.
Expresión oral e escrita.	Trabállase a través da interpretación vocal das cancións, escritura musical, descrições sobre obras artísticas, preguntas curtas...
Comunicación audiovisual.	Trabállase mediante a visualización de vídeos sobre temáticas distintas.
As tecnoloxías da información e a comunicación.	A través do uso de xogos interactivos.
Emprendemento	Mediante a creación de collages, instrumentos musicais con material de refugallo...
Educación cívica e constitucional	A través do fomento ao alumnado das normas de convivencia, respecto, igualdade.